

Convocatoria 2021- Programa do Diploma do **Bacharelato Internacional**

O IES DO CASTRO anuncia a **convocatoria de prazas** para realizar o primeiro ano do Programa do Diploma do **Bacharelato Internacional** nas modalidades de Ciencias Sociais e Humanidades e Científico-Técnica, durante o curso académico 2021-2022.

Poderán optar a estas prazas todos os alumnos e alumnas que cumpran os seguintes **requisitos**:

- **ter aprobado en xuño o 4º curso** do Ensino Secundario Obrigatorio (ESO).

- **ter cursado en ESO as materias do Programa do Diploma** nas que se van matricular e ter conseguido un mínimo de 7 en todas elas.

A **adxudicación de prazas (*)** terá en conta o expediente do alumnado nos catro cursos da ESO.

O **prazo** de solicitude estará aberto a partir do **luns 24 de maio ata o mércores 16 de xuño ás 14:00 horas**. Realizárase mediante o documento número 2 (**impreso solicitude**) que habera que encher e escanear ou fotografar, e mandar xunto co resto da documentación que indicamos a continuación:

Para todos os alumnos

1- **Fotocopia/ pdf do DNI ou pasaporte**

2- **[Impreso de solicitude de praza con indicación de opción](#)**

Para alumnado doutros centros

4- **Expediente académico de 1º a 3º ESO e**

5- **Boletíns de notas da 1ª e 2ª avaliación de 4º ESO**

6- **[Informe académico](#)**

-O alumnado que proceda dun sistema de calificación diferente ao utilizado no sistema educativo español, deberá achegar, xunto coas calificacións, a táboa de equivalencias das mesmas.

-O documento 6 poderá acompañar á solicitude ou enviarse en datas posteriores en canto estean dispoñibles, como moi tarde antes do 25 de xuño, momento en que os alumnos deberán ter o título da ESO.

A entrega da documentación será mediante envío electrónico a castroibo@gmail.com, tendo plena validez legal. De non ser posible, podera entregarse na Secretaría do IES do Castro (con cita previa solicitada ao teléfono do centro: 986422974 ou 986423063).

A **resolución** da convocatoria será publicada na **[páxina web do IES do Castro](#)** así como no taboleiro oficial do Centro nos últimos días do mes de xuño, despois do 25. O alumnado admitido recibirá un correo electrónico de confirmación coa información actualizada para a formalización da matrícula (momento no que se acreditará a autenticidade da documentación remitida).

En todo caso, para **ampliar a información**, pódese consultar o [tríptico informativo](#) ou a [páxina oficial da Organización do Bacharelato Internacional](#) para familias. Ademais, é conveniente que o alumnado interesado, acompañado do seu pai/nai/titor-a asista á **reunión informativa telemática que terá lugar o luns 7 de xuño ás 18:30**. (Para recibir unha invitación_ligazón para esta reunión, póñanse en contacto con castroibo@gmail.com, agás no caso de estar na lista de peticionarios de información, caso en que a recibirá automaticamente)

A formalización da matrícula polos admitidos realizarase na Secretaría do IES do Castro os días que se sinalen no mes de xullo cun sistema de cita previa. **Para formalizar a matrícula** requirirase entregar/ ter entregada a documentación citada anteriormente.

Tamén terá que proceder a entregar a outra **documentación ordinaria** para o Bacharelato LOMCE:

- 4 fotos
- certificado do NUSS (Número da Seguridade Social **do alumno**)
- certificación académica do título da ESO

(*) A oferta final de prazas está suxeita ás posibilidades organizativas do Centro en virtude das disposicións da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia, polo que **o alumnado admitido non deberá renunciar á praza que teña solicitado polo conduto ordinario** antes de formalizar a matrícula neste Centro.

Asignaturas Bacharelato Internacional ([numeradas en azul](#))

Científico Técnico	Ciencias Sociais	Humanidades
1. Lit. española, 2. Inglés 3. Filosofía. (Nivel Superior)		
1. Matemáticas 2. Física, 3. Química 4. Bioloxía (ou Debuxo Técnico non BI) (Cúrsanse 3 das 4 en BI Nivel Medio)	1. Matemáticas 2. Tecnoloxía da información nunha sociedade Global 3. Sistemas Ambientais e Sociedades. (Todas en Nivel Medio)	1. Matemáticas 2. Latín 3. Sistemas Ambientais e Sociedades. (Todas en Nivel Medio)
Outras asignaturas LOMCE en 1ºBACH CCNN: Lingua Galega, Antropoloxía, Educación Física, CulCi	Outras asignaturas LOMCE en 1ºBACH CCSS: Lingua Galega, Economía, Educación Física, CulCi Literatura Universal, Antropoloxía	Outras asignaturas LOMCE en 1ºBACH Humanidades: Lingua Galega, Grego, Educación Física, CulCi Literatura Universal, Antropoloxía